



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 31/05/2014

Na vila de Vimianzo, ás once horas do trinta e un de maio de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Ramón Santos Vázquez
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D. Manuel Soto Pérez.
D. José Manuel Pérez Trillo.

Secretaria accidental: D.^a Ivanna Vidal Domínguez, en virtude de Resolución da Alcaldía 387, de 14 de abril de 2014.

Interventora: D.^a Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións anteriores correspondentes aos días 29 de marzo, 4 e 28 de abril e 16 de maio (2) de 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Quedan aprobadas as actas da sesión ordinaria do 29/03/2014, da sesión extraordinaria do 04/04/2014, da sesión extraordinaria do 28/04/2014, da sesión extraordinaria do 16/05/2014 e da sesión extraordinaria e urxente do 16/05/2014 ao non formularse observacións.

2. Acordo, que proceda, sobre declaración do especial interese municipal das obras a realizar por D.^a María Teresa Jesús Lema Esparís, Ganadería Calo, S.C. e Hermida Canosa y Otra, S.C., e en consecuencia aplicar a bonificación da cota do ICIO.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental que da lectura da parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos de data 28 de maio de 2014: "(...) A Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, por unanimidade, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Acordar a declaración do especial interese municipal das obras a realizar por M^a Teresa Jesús Lema Esparís, Ganadería Calo, S.C. e Hermida Canosa y Otra, S.C., e en consecuencia aplicar unha bonificación do 95% na cuota do ICIO a Dona M^a Teresa Jesús Lema Esparís e a Ganadería Calo S.C., e do 85,50 % a Hermida Canosa y Otra SC, condicionando neste último caso a bonificación á presentación da documentación acreditativa da alta na seguridade social.(...)"

A continuación o Sr. Alcalde explica que este é o acordo que adoptaran de rebaixar o imposto de construcións para as explotacións do sector primario e informa que as diferenzas que hai nas porcentaxes dí que teñen que ver coas participacións que teñen nas sociedades.

O Sr. Miñones Riveiro sinala que o van a aceptar porque é algo que xa veñen facendo en todos os plenos.

A Sra.Rodríguez Ordoñez di que tamén están de acordo e manifesta que oxala se poidera ampliar isto a outros sectores para mellorar e sinala que pola súa parte é un trámite para unhas empresas máis e sinala que oxala se poidan beneficiar a maioría dos gandeiros posibles e dí que para adiante.

O Sr.Amado Sambade manifesta que pola súa parte se apoiem estas medidas.

Non habendo máis intervencións, o Sr.alcalde manifesta que se entende aprobado o ditame por asentimento da Corporación.

3. Acordo, que proceda, sobre a reclamación previa á vía xudicial civil que afecta a unha parcela situada no interior do monte Gorreis.

O Sr.Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental que da lectura da parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizo e Asuntos Xerais, do día 28 de maio de 2014, que dí o seguinte:

"(...)A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Servizos e Asuntos Xerais, por unanimidade, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Declarar que o concello non é propietario do monte consorciado "Monte Gorreis".

Segundo.- A Corporación municipal recoñece como lexítimo propietario ao reclamante, D.Juan Carlos Trillo Alonso, que presentou a reclamación previa referida ao respecto da súa propiedade.

Terceiro.- A Corporación municipal insta á Xunta de Galicia a aceptar a reclamación previa presentada por, D.Juan Carlos Trillo Alonso, propietario da parcela que figura catastrada como parcela 392 do polígono 3 do municipio de Vimianzo, e a que proceda a excluír do Catálogo de Montes de Utilidade Pública o monte consorciado "Gorreis (...)"

O Sr.Alcalde explica que este asunto xa o trataran para un grupo importante de propietarios que reclamaran no seu momento, explica que fora no pleno do 31 de decembro, e explica que houbo outra reclamación dun propietario diante da Xunta e



Concello de Vimianzo

informa de que a Xunta remítea e pide pronunciamento da Corporación porque no caso de que non haxa pronunciamento explica que se opoñerían, que entenderían que hai oposición e segue dicindo que o acordo que adoptarían é exactamente o mesmo que a vez anterior pero para este caso concreto segue dicindo que a outra vez se adoptou para cincuenta casos concretos dun lado e cincuenta casos concreto doutro e neste caso para un caso concreto.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde pregunta se están todos de acordo e sinala que se entende aprobado o ditame por asentimento da Corporación.

4. Acordo, que proceda, sobre a modificación do Regulamento de organización e funcionamento da escola infantil municipal do Concello de Vimianzo.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental que da lectura da parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción Económica, do día 28/05/2014, que dí o seguinte:

"(...) A Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción Económica, por unanimidade, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento da escola infantil municipal do Concello de Vimianzo, condicionada a estudar unha emenda no artigo 4.3 (Procedemento) mantendo o dereito á praza do ano anterior partindo dos requisitos mínimos, á procedencia do establecemento dun rexime transitorio, á eliminación do artigo 5 parágrafo 2º e a que no artigo 6.2 a) se contemple a posibilidade de optar polo servizo de comedor da EIM ou levar un potito da casa.

Segundo.- Someter o devandito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto. (...)"

A continuación intervén o Sr. Alcalde que explica que a idea fundamental disto é modificar o baremo para adxudicar as prazas priorizando as familias traballadoras fronte a aquelas que non están traballando porque, explica, ás veces dabáanse circunstancias de que estando os dous pais traballando quedábase sen praza e había persoas que o pai ou nai non traballaba e tiñan praza e segue explicando que se replantea un baremo totalmente distinto no sentido de favorecer a xente que traballe. Continua dicindo que tiveron unha reunión en comisión e que houbo aportacións e sinala que por iso se recolle deste xeito. Segue dicindo que as aportacións quedaron en velas hoxe e explica que están de acordo e que incorporaron unha matización máis que teñen que corrixir se aproban o Regulamento definitivamente, que é a porcentaxe de minusvalía no baremo que, explica

o Sr. Alcalde, no borrador estaba no 65 % e o final pasa a estar no 33 % e sinala que o resto das propostas están todas incluídas. Segue dicido que é unha demanda que teñen todos os grupos de que atendan esa situación e a corrixan na medida posible porque con isto teñen polo menos un intento de dar solución a eses problemas que plantexaban os veciños e veciñas.

A continuación dalle a palabra ao portavoz do partido socialista, o Sr. Miñones, que explica que nas xuntanzas que tiveron, antes na Comisión e antes do Pleno de hoxe e indica que máis ou menos se incluíron todas as propostas tanto as de IxV como as do PSdeG-PSOE e sinala que en todo o que sexa mellorar o funcionamento da gardería están de acordo aínda que sinala que hai outra cousa importante que sería estudar a ampliación da gardería e manifesta que como dí certo grupo político por ahí, "podemos" e indica que teñen que facelo e sinala que é unha suxerencia.

O Sr. alcalde dalle a palabra á portavoz de IxV, a Sra. Rodríguez, que sinala que quería facer dous matices e dos puntos que non trataron na comisión explica que é unha demanda importante e que ao seu grupo lle gustaría que este goberno vira a alternativa de ampliar e di que dadas as circunstancias que poden coñecer os membros da corporación cree que é factible dentro do mesmo edificio, aínda que, manifesta que lle gustaría ter outro sitio máis adecuado pero entende que iso sería algo máis complexo. Prosegue dicindo que dende logo trece prazas, como ocorre no curso de 1-2, cree que para as necesidades de Vimianzo é pouquisimo, como 20 no de 2-3 polo que dí que lles gustaría que se plantease da maneira máis urxente, a posibilidade de, se dentro da mesma planta, dentro do mesmo edificio, ampliando a planta baixa, ver a posibilidade de que esto se ampliase. Sinala que grazas a Deus, sexan pais traballadores ou non, sinala que cree que é un servizo que hoxe se demanda, se necesita. Segue dicindo que cree que deben estar orgullosos de como está funcionando a gardería e sinala que pode falar a título persoal e pode felicitar tanto a empresa como aos traballadores e manifesta que están facendo un traballo, que sinala que todo se pode mellorar, pero cree que se pode valorar como moi bo. Segue dicindo que lle gustaría, por un lado, esa ampliación e segundo agradecer que a emenda que fixeron na comisión, que manifestou alguna delas IxV, se modificaran entendendo sobretudo na base de que os nenos que xa están, que ingresan no curso que sexa que se lles garantice a praza como en calquera centro escolar de Galicia e pide que por favor se loite por unha posibilidade de ampliación que sería interesante.

A continuación intervén o Sr. Amado que sinala que esta de acordo, a favor de todo o que sexa mellorar a escola.

A continuación o Sr. Rodríguez Blanco sinala que vai falar a compañeira que estivo na comisión informativa, a Sra. Vázquez, que sinala que coa comisión esta de acordo sinala que se cambiou o da minusvalía e sinala que é importante xa que unha persoa que ten minusvalía dun 33 % pode ter, sumar xa motivos para que teña un acceso que unha persoa que non teña minusvalía e sinala que está de acordo co cambio que se fixo.

O Sr. alcalde dalle a palabra ao portavoz do BNG, Sr. Mancebo, que di que xa o Sr. Alcalde explicou que a proposta era un pouquiño en base ás demandas que tiñan de certa xente que facía chegarlles que ao mellor os criterios que no seu momento se crearon, sinala que evidentemente coa mellor intención, explica que tiñan agora, en certa forma, a



Concello de Vimianzo

necesidade dun reaxuste especialmente no tema da alta puntuación que consideraban que tiña a xente desempregada e manifesta que nunca poden olvidarse de que os recursos son sempre escasos e cree que a gardería ten que estar pensada para dar un servizo para quen máis o necesita e non tanto, se se quere, como un tema social senon máis para atender os pais e nais que traballan e sinala que nese sentido recollen totalmente a proposta de ampliación. Segue dicindo que, como xa saben, a súa filla quedou sen praza na gardaría e precisamente está en Zas e polo tanto sinala que é un dos máis interesados; explica que foi o ano anterior e máis este simplemente por unha cuestión de baremo e non pasa absolutamente nada. Explica que outro dos puntos que se modificaron era que se adxudicase a maior brevidade a determinación de se se conta con praza ou non se conta con praza porque explica que o que pasaba era que case ata moi entrado o verán non se sabía se se tiña praza e, sinala que en certo modo, quedábase sen unha opción B para o caso de que non se tivera e explica que así tamén se modifica, para que se saiba en maio ou como moito en xuño se concretamente cóntase con praza ou non. Prosegue dicindo que, tamén coincide en que estase prestando un servizo de moi alto nivel, un servizo de gardería con comedor e transporte que non existe na comarca e sinala que unha vez máis no caso das garderías da Xunta, o que di por experiencia, aos nenos hai que mandarlle a comida nun taper todas as mañáns e hai que levalos ao propio centro. Continua dicindo que nese sentido tamén faría un chamamento e indica que a gardería ten un custo entorno aos 200.000 euros anualmente e que actualmente está financiada integramente polo concello e non recibe ningún tipo de aportacións e nese sentido tanto no seu momento tanto na ampliación como na financiación do día a día, cree que deberían facer un chamamento á Xunta de Galicia para que dunha ou doutra forma colabore co Concello para manter a gardería. Prosegue dicindo que se financia totalmente as garderías doutras localidades no caso de Vimianzo, que somos nós os que estamos asumindo todo o custo, cree que con máis xustiza se debe en certa forma axudar na colaboración desta financiación sobretudo tendo en conta que é unha gardería que ten as prazas todas ocupadas, que existe lista de espera para a mesma e que ofrecen un servizo tan amplo como o de comedor e transporte e nese sentido manifesta que recollen totalmente a proposta e tan pronto como sexa posible sinala que é un servizo polo que se debe de apostar. Continua expoñendo que máis agora que se acaba de reformar a Lei de réxime local incluso habería que ter en conta que esta sería unha competencia da Xunta de Galicia e que o concello, unha vez máis, está asumindo cos seus recursos unha competencia que correspondería íntegramente a outra administración e explica que neste caso estase asumindo e evidentemente seguirase facendo salvo que non fora posible de ningunha forma e cree que habería que recortar incluso antes outros servizos xa que dí que a día de hoxe é un servizo necesario.

O Sr.alcalde entende aprobada a proposta por asentimento coa modificación do 33%.

A Sra.Ordoñez fai un inciso e sinala que non a recibiron e o sr. Alcalde respóndelle que despois se vai publicar tal cual e indica que se lles pasara unha copia.

5. Acordo, que proceda, sobre deixar sen efecto o Plan económico financeiro aprobado na data do 24 de setembro de 2011.

O Sr.Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental que da lectura da parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, do día 28/05/2014, que dí: "(...) A Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda,

Orzamentos e Asuntos Económicos, con tres votos a favor (BNG: Sr. Alcalde e Sr. Fernando Mancebo e PSdeG-PSOE: Sr. Miñones Riveiro), ningún voto en contra e unha abstención (IxV: Sra. Rodríguez Ordoñez), ditamina favorablemente a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.-Deixar sen efecto o Plan económico financeiro aprobado en data 24-09-2011, a efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro.

Segundo.-Dar conta de dito acordo á Dirección Xeral de Administración Local, como órgano competente da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira das entidades locais, procedendo a remitir-lles os informes de avaliación emitidos pola Intervención do Concello de Vimianzo referidos aos expedientes da liquidación do orzamento do exercicio 2013, aprobación do orzamento prorrogado e do proxecto de orzamento para o ano 2014.(...)"

A continuación o Sr. Alcalde dalle a palabra a Sra. Interventora municipal para que explique esta proposta, exactamente a situación na que se está e que conleva a dar por rematado este plan e sinala que hai que lembrar que isto se tivera que presentar no ano 2011 para corrixir os desequilibrios que se tiñan e eran unha serie de obxectivos que remataban precisamente este ano e sinala que nese sentido se entenden que están cumpridos pero sinala que o pode explicar mellor a Sra. Interventora, brevemente.

A Sra. Interventora sinala que o horizonte temporal do plan era ata o 2014 pero no 2013 no informe de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria viuse que derivaba capacidade, igualmente de regra de gasto e de límite de endebedamento e entón unha vez cumprido na fase de liquidación e ademais comprobado na proxecto de orzamento que está pendiente de aprobación o orzamento prorrogado se cumpre pois corresponde aprobalo tal e como di o artigo referido. Seque explicando que quere só indicar unha cuestión que probablemente fora un erro dela e é que a Dirección Xeral á que lle hai que remitir o acordo é a de Política Financeira e Tesouro non a da Administración local e indica que supón que foi ela que nalgún sitio, nun informe o transcribiu mal e que o fai constar.

Dalle a palabra ao portavoz do PSOE, Sr. Miñones, que sinala que é unha cuestión de mero trámite porque esta cumprindo e sinala que é un mero trámite e manifesta que están de acordo.

Dalle a palabra á portavoz de IxV, Sra. Rodríguez, que indica que entenden que é un mero trámite pero que se van a abster e indica que entenden que non está dentro do seu poder verificar o control exhaustivo, e que confían loxicamente no persoal do departamento e sinala que se van a abster.

Dalle a palabra ao portavoz do PP, o Sr. Amado, que sinala que están de acordo e que van votar a favor.

O Sr. Rodríguez sinala que se van a abster.

O Sr. Alcalde sinala que agradece a oposición da oposición e indica que é unha posición constructiva no sentido que é facilitar que o concello de Vimianzo poda desempeñar as súas funcións sen complicacións e sinala que é un asunto que ocupaba moito traballo na parte técnica e sinala que tamén hai que felicitarse como corporación, do que lles toca como goberno tamén, de cumprir con eses obxectivos e algúns deles eran de control do gasto, de intentar a racionalidade, en fin o que todos saben para tratar de ter uns



Concello de Vimianzo

resultados económicos que sexan sostibles e manter o equilibrio financeiro e orzamentario.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación e o Pleno do Concello, por sete votos a favor (BNG: Sr. Alcalde, Sr. Mancebo Amigo, Sra. Ramos Rey, Sr. Trillo Lema e PSdeG-PSOE: Sr. Miñones Riveiro, PP: Sr. Amado Sambade, Sr. Santos Vázquez), catro abstencións (IxV: Sra. Rodríguez Ordóñez, Sra. Hermida Tomé e non adscritos: Sr. Rodríguez Blanco e Sra. Vázquez Miñones) e ningún voto en contra, ACORDA:

Primeiro.-Deixar sen efecto o Plan económico financeiro aprobado en data 24-09-2011, a efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro.

Segundo.-Dar conta de dito acordo á Dirección Xeral de Administración Local, como órgano competente da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira das entidades locais, procedendo a remitirlles os informes de avaliación emitidos pola Intervención do Concello de Vimianzo referidos aos expedientes da liquidación do orzamento do exercicio 2013, aprobación do orzamento prorrogado e do proxecto de orzamento para o ano 2014.

6. Acordo, que proceda, sobre resolver as reclamacións presentadas ao orzamento xeral do Concello de Vimianzo 2014.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental que da lectura da parte resolutive do ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, do día 28/05/2014, que día o seguinte:

"(...)Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, con dous votos a favor (BNG: Sr. Alcalde e Sr. Fernando Mancebo), ningún voto en contra e dúas abstencións (PSdeG-PSOE: Sr. Miñones Riveiro e IxV: Sra. Rodríguez Ordóñez), ditamina favorablemente a seguinte proposta de ACORDO:

Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Vimianzo do exercicio de 2014, ao resolver, desestimándoas por improcedentes -xa que son alleas aos motivos de reclamación previstos no art.170.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo-, as reclamacións presentadas tras a súa aprobación inicial.(...)"

O Sr. alcalde explica que o expediente do orzamento estivo a exposición pública e que no último día se presentaron dous escritos por parte de membros da oposición. Segue explicando que respecto destes escritos constan dous informes, o informe de intervención e máis un informe xurídico e respecto do informe de intervención sinala que lle gustaría dar lectura a un párrafo que dí: debe indicarse que as alegacións feitas refírense a que se ten prescindido de normas que conteñen as regras esenciais para o funcionamento dos órganos colexiados non referíndose ás normas de tramitación establecidas no texto refundido da lei de facendas locais para a elaboración e aprobación dos orzamentos das entidades locais (documentos que forman o dito expediente orzamentario, anexos que deben acompañar, informes e procedemento regulado nos artigos que conforman a

sección 1ª, do título 6º do texto refundido da lei de facendas locais) polo tanto non se corresponden co motivo concreto de alegación específica no artigo 170.2 apartado 1º. O Sr alcalde segue dicindo que isto para el é o fundamental sinala que non están diante dunhas alegacións porque está tasado no texto refundido da lei de facendas locais os motivos para a tasación e manifesta que lles advirte a interventora de que non son alegacións pero con todo que é o Pleno quen ten que estimalas ou desestimalas e manifesta que se alguén considera que o acordo incumpre as regras ten outras vías para impugnalas e segue dicindo que desde logo entenden que o informe é bastante claro e bastante explícito e que fai un chamado a responsabilidade de cada quen de que están suxeitos a responsabilidades e manifesta que cando os informes lles indican que as cousas son como son, sinala que cada quen reflexione sobre a posición á hora de defender que é o acordo que debe adoptar o Pleno.

A continuación o Sr. Alcalde dalle a palabra ao Sr. portavoz do PSdeG-PSOE, Sr. Miñones, que sinala que o seu partido na comisión informativa abstívose porque non vira os informes tanto de intervención como xurídico e indica que despois de ver os informes de intervención e xurídico, sobre todo o de intervención que sinala que é o que máis lles compete aquí, van a rexeitar ditas alegacións porque non son motivo de reclamación e indica que incluso poderían prevaricar, segundo lle parece a el, e di que o partido socialista non está disposto a iso. Segue dicindo que se imaxina que isto vai a acabar nun contencioso, un máis, pero que van rexeitar ditas alegacións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra á portavoz de IxV, Sra. Rodríguez, que manifesta que con respecto a este punto tamén participaron nesa comisión e que obtiveron nese momento os informes da Sra. Interventora como do Sr. Asesor xurídico e sinala que observando estes informes a verdade é que facendo incluso mención a ese párrafo ao que o Sr. Alcalde fixo mención, páxina tres dese informe de intervención segue dicindo que botan en falta, que hai unha consulta por parte de intervención donde dada a trascendencia que poidera ter a efectos dunha presentación dun recurso xudicial -aclara a Sra. Rodríguez que non está anticipando que vai a ser a solución- contra o orzamento, sería conveniente que se contase con asesoramento xurídico e indica que aínda que non se trate dun motivo de alegación aos orzamentos según o establecido no art. tal que se ten procedido adecuadamente. Segue manifestando que vendo isto desde intervención dí que botan en falta que non se responda a esta consulta xurídica que fai a intervención no informe xurídico, valga a redundancia, do informe do Sr. Oscar. Segue dicindo que si a verdade non notan outras cousas de menos e que cree que se lles está coartando a súa liberdade, o seu dereito de poder elixir ou decidir a mellor opción que consideren sobre se esas alegacións son correctas ou incorrectas. Continua manifestando que máis que nada ven que non se responde a unha pregunta clara se no seu momento solicitaron por activa e por pasiva que se deixara sobre a mesa e non se deixou. Aclara que non quere dicir con isto que vaian a querer retrotraer nin moito menos pero que é algo claro e que o mesmo informe de intervención o dí polo que entón, dende IxV, plantean que esto se deixe sobre a mesa para solicitar da Deputación algo que sinala que este goberno a verdade que usa moito a pesar de que lle fai caso cando quere porque, segundo indica, no último pleno pódese recordar que se lle fixo caso a algunhas cousas e a outras non e indica que a día de hoxe aínda están esperando pola convocatoria duns puntos e iso que o informe da Deputación era bastante clariño, segundo sinala. Continua dicindo que centrándose neste tema solicitan que se dirixa á Deputación provincial da Coruña, especialmente, a asistencia a municipios a solicitude dun informe xurídico a cerca de si os concelleiros da



Concello de Vimianzo

oposición votando as alegacións do presuposto 2014 estarían cometendo un suposto delito de prevaricación, porque manifesta que o asesor xurídico esta ben que lles coarte pero que o invitaria a que tamén con algunha actuación que esta tomando o concello, o goberno do concello de Vimianzo tamén o advertirá; pois, sinala que ao mellor tiña que revisar outras cousas. Prosegue dicindo que como punto dous dar resposta a dúbida xurídica formulada pola interventora municipal de non votar a solicitude de deixar sobre a mesa e sinala que polo tanto solicitan deixar este asunto sobre a mesa a espera de dito informe da Deputación da Coruña.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao Sr.Portavoz do PP, que dí que o PP quere que se deixe o asunto sobre a mesa dado que o informe xurídico non responde a pregunta que fai a interventora no seu informe e que entón respecto a esto non está explicado e solicita que quede sobre a mesa.

O Sr.Alcalde dalle a palabra ao concelleiro non adscrito, Sr.Rodríguez, que indica que van a apoiar a proposta de IxV xa que están totalmente de acordo porque xa o solicitaron no outro pleno deixalo sobre a mesa e manifesta que o Sr.Alcalde non quixo e indica que ante o informe do letrado do Concello, que parece ser que incluso preve que poidan prevaricar van a solicitar ese informe á Deputación.

O Sr. Alcalde, responde que dende logo o que plantexa no seu informe a interventora non é que estean obrigados preceptivamente a ter un informe xurídico sen embargo hai un informe xurídico que lles dí claramente as consecuencias da votación. Segue dicindo que ao que se refire a Sra.interventora é a por a venda antes da ferida e sinala que di que estaría ben que se fose xa preparando unha defensa ao respecto do que plantexan porque aquí-sinala que o dí o Sr.Alcalde e non a interventora-, hai unha tendencia a xudicializar todo isto e explica que entón se o motivo que alegan que non ten que ver para nada cos orzamentos senón co funcionamento do Pleno, está ben tomado ou non. Explica que iso é unha recomendación que a pode facer ou non a pode facer e continua dicindo que en calquera caso para nada dí antes de votar a proposta que fan aquí ou que teña algunha dúbida ao respecto das emendas calíficas clarísimamente, do escrito. Segue dicindo que non é un escrito de reclamacións ao orzamento porque non están nos supostos tasados e polo tanto sinala que non se pode aceptar como tal aínda que o teña que decidir o pleno e indica que non se refire para nada ao proceso de conformación de proposta de orzamento, nin de votación e que en todo caso ao que se refire é a unha petición que houbo de que quedara sobre a mesa. O Sr. Alcalde sinala que xa o dixo no pleno anterior e que o volve a repetir que o Congreso dos Deputados, o lexislador, o que pretende é que en situación de gobernos en minoría non se prorroguen os orzamentos continuamente por iso establece duas vías excepcionais á aprobación do pleno, unha é moción de confianza e outra é que se aprobe en Xunta de Goberno; que explica que foi a última modificación no caso de darse as circunstancias de que houbera previamente un orzamento prorrogado. Segue explicando que iso é o que quere o lexislador e que o que non quere é que o Concello de Vimianzo esté o ano pasado e mais este ano cun orzamento prorrogado e que perdan o tempo prorrogando o orzamento pedindo que quede sobre a mesa e sinala que por tanto non vai a someter a votación que quede sobre a mesa porque entende que é un abuso do dereito para tratar de evitar a aprobación duns orzamentos que significan por exemplo -aclara que só vai dar un dato- que poidan ter este ano quince persoas traballando limpando os núcleos durante tres meses e di que non entende porque hai que retrasar isto ata o mes de setembro, nin ad infinitum. Segue

dicindo que esta moi claro cales son todas as consideracións xurídicas entorno ao escrito que presentaron e que esta moi claro que non é un escrito de alegacións, que é outra cousa é sinala que se o van ir ou non a recurrir isto vía xulgado e dilles que iso é unha cuestión que depende vostedes e non deles. Segue dicindo que sería entendible que pediran que quedara sobre a mesa como fixeron o principio e que aínda que non quería -porque aclara que era a súa vontade aprobalos canto antes- manifesta que o someteu a votación porque presentaron un argumento que era razoable. Explica que van a intentar a pesar de que houbo comisións e posibilidade de negociar van intentar unha vez máis negociar, sinala que intentaron negociar os orzamentos e sinala que é imposible porque indícalles que saben que o alcalde, que é o que ten a iniciativa destes orzamentos está en contra de que se lle retire a adicación exclusiva ao alcalde ou de que se elimine a praza de persoal de confianza e manifesta que polo tanto esa é unha negociación imposible e sinala que o resto, que o di a propia interventora no seu informe, non ten ningún defecto sinala que é opinable políticamente, a favor, en contra ou matiz pero no ten ningún defecto e sinala que están recurrido a unha treta para tratar de adiar no tempo a aprobación dos orzamentos, para que Vimianzo non teña uns orzamentos. Segue dicindo que lle alegra moito a actitude que tiveron en todo este Pleno, que lle alegra moitísimo porque foi unha actitude constructiva e segue dicindo que os orzamentos non benefician ao alcalde, que os orzamentos benefician aos veciños e veciñas, beneficia que se poidan reaxustar os gastos de acordo coa realidade que comprobaron anos anteriores, que benefician a creación de postos de traballo aos que antes fixo referencia e que sinala que hai moita xente que está esperando e que non entenden que se retrasen. Continua dicindo que non entende que por capricho, por tratar de que esto non saia para adiante, que vaian a que quede sobre a mesa, que quede sobre a mesa, que quede sobre a mesa e di que se non están de acordo que voten en contra. Indica que poden absterse aínda que lle gustaría que votasen a favor pero manifesta que non vai a someter a votación que quede sobre mesa polo motivo que xa dixo e que se considera totalmente lexitimado e amparado polo Congreso dos Deputados, pola vontade do Congreso dos Deputados de que os gobernos en minoría poidan ter orzamentos e indica que ata tal punto que incluso en algúns casos excepcionais, que por dificultades económicas ou polo que sexa, excepcionalmente o goberno, no anterior, antes da reforma xa prevía que se aprobasen na Xunta de Goberno os orzamentos entón pide que avancen un pouco e sinala que non poden estar discutindo todos os días sobre a mesma historia e que xa levan tres plenos sobre os orzamentos. Prosegue dicindo que se non presentaran ningún escrito xa non se traía este punto porque estaban aprobados definitivamente, indícalles que deron a súa posición, deron a súa batalla e que teñen os seus argumentos de cara a convencer a cidadanía de que o seu programa é moito mellor que o deles pero dilles que non obstaculicen o que é o funcionamento do concello porque senón os cidadáns non llo van perdoar nunca porque non se entende porque non hai motivos para isto e pídelles que cambien de actitude.

A continuación o Sr. Alcalde, dalle a palabra ao Sr. Miñones, que sinala que se ratifican no que dixeron antes.

Deseguido, o Sr. Alcalde, dalle a palabra a Sra. Rodríguez que lle di ao Sr. Alcalde que lle encanta escoitalo, que depende do día que teña, non o día, que funciona exclusivamente por intereses e manifesta que casualmente no último pleno non tivo ningún inconveniente en deixar un punto sobre a mesa pero dille que lle interesaba porque era o seu soldo e sinala que entón veu predicándolles e predicándolles que quería deixar o asunto sobre a



Concello de Vimianzo

mesa e que resulta que eso era algo para o que estaban lexitimados todos e que lle valeu pero segue dicindo que hoxe non lle valeu e manifesta que quere advertir e que conste en acta que esta oposición durante o debate solicita e volve a solicitar deixalo sobre a mesa e segue dicindo que teñen os seus argumentos e sinala que xa se basa no informe do seu abogado -aclara que o pagan todos pero que o seu abogado que fixo un informe onde, sinala que cree que está coartándolles a súa liberdade de voto-sinala que con ese informe para eles non ten a suficiente validez porque consideran que non está permitíndolles exercer a súa liberdade e que solicitan, neste caso á Deputación porque sinala que ademais teñen esa posibilidade. Segue dicíndolle que recorde que cando lle interesa digamos que é un organismo ao cal recorre moi habitual e dille que agradeceríanlle que unha vez máis, gústelle máis ou gústelle menos -acota que xa sabe que as súas posturas nunca lle gustan, que sempre tera crítica- que faga o favor de permitir que poidan facer uso dos seus dereitos, que cree que teñen e que incluso nalgunha ocasión foi permisivo con iso. Explica que loxicamente o están facendo porque lles ampara a lei e sinala que non entende porque hoxe lle dí porque non o quere deixar sobre a lei, e dille que ven cuns exemplos de se se aproba en Xunta de Goberno ou tal. Continua dicindo que é a interpretación que queira tomar e sinala que nos medios de prensa se pode ver que hai uns días que Cambre acaba de presentar os presupostos a unha moción de confianza e sinala que o pode interpretar como queira porque son os seus presupostos, son os seus números pero que a realidade é esa. Sinala que se amparan que consideran que hai un informe que basicamente os está ameazando e que queren un informe libre, un informe que os deixe; sinala que non queren prevaricar pero queren un informe xurídico libre e que volve a dicir que consideran que o informe que teñen nas súas máns, primeiro non responde a unha consulta que cree que non é unha obriga, que está de acordo, pero que é unha consulta que fai a intervención e que teñen o dereito de ter unha resposta legal e que desde logo non veñen aquí a prevaricar nin a facerlle fronte para atrasarlle os seus presupostos porque manifesta que están seguros de que van saír adiante e sinala que dentro de dous días estaraos modificando porque indícalle que nin sequera eles mesmos están conformes con eses presupostos. E sinala que que lles van vender, que están de acordo pois indica que lles vendan iso pero indica que queren estar asesorados, estar asesorados libremente para que o seu voto sexa libre e pide por favor e que conste en acta, e repite e volve a repetir, que quede sobre a mesa; e sinala que é o seu dereito e cree que están amparados e van a seguir facéndoo e que de verdade cree que xa esta ben de que cando lle interesa resulta que quedan as cousas sobre a mesa e cando non lle interesa ampárase no lexislador que sexa, que lle da mesmo, que é un dereito que teñen e é un dereito que lles debe permitir pero sinálle que alá o Sr. Alcalde coa súa responsabilidade como esto e como a última solicitude de convocatoria... Segue dicíndolle que faga o que queira pois no seu día veranse cales son as consecuencias pero que dende logo non están dispostos a seguir nesta situación, pídelle que os respete, manifesta que son membros da corporación, da oposición pero que merencen o seu respecto.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao portavoz do partido popular, Sr. Amado, que se reitera no que xa dixo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro non adscrito, Sr. Rodríguez, que solicita que conste en acta -e dí que se den conta de que teñen secretaria, que o Sr. Alcalde leva un mes dicindo que non teñen secretaria e que teñen secretaria e que o dí para que se sepa

porque levan un mes co mesmo tema- e solicita que conste en acta que se deixe sobre a mesa tamén.

A continuación o Sr. Alcalde responde que cree que co respecto máximo absoluto ata tal punto que incluso nas formas procuran ou procura manter o respecto con todos e sinala que o que non pode aceptar é a demagogia e sinala que acaban de facer referencia ao que lles dixo, que si existe a vía da moción de confianza, e que por iso lles di que voten en contra porque así poden presentar os orzamentos vinculados a unha moción de confianza e que se queda sobre a mesa nunca poden presentalos e que si está previsto no regulamento orgánico, que calquera concelleiro pode pedir que quede sobre a mesa alegando motivos, de seriedade, e non tratando de que esto non vai para adiante. Segue dicindo que lle daría vergoña e indicalles o que di o informe da Sra. Interventora: de todos os xeitos dada a transcendencia que poidera ter a efectos da presentación dun recurso xudicial contra o orzamento, sería conveniente que se verificase asesoramento xurídico, se se ten procedido adecuadamente; e segue dicindo que non para adoptar o acordo e explica que está dicindo é vaian se vaian preparando na defensa porque é probable que denunciaren xudicialmente porque é o que se estila no concello de Vimianzo e segue dicindo que é moi triste porque ao final aos que perxudican é os veciños, aparte do espectáculo que dan e continua dicindo que desde logo renega de todo iso e sinala que é probable, se pode ser no mes de xuño, unha vez que estean aprobados os orzamentos que presenten unha modificación pero que están moi contentos con estes orzamentos e a modificación que presenten e para tratar de incorporar o remanente na medida de que lles informen e lles permitan dende intervención; o remanente de 500.000 euros que, explica que só se pode incluír mediante unha modificación de crédito e que hai dende logo o seu compromiso a falar con todos pero pide que desbloqueen isto e mais cando se produciu o feito ao que vostedes fan referencia sinala que claro que tiñan asesoramento xurídico e o asesoramento xurídico da corporación permitiu que o alcalde non sometese novamente a votación de que quedase sobre a mesa por que sinala que isto é algo infinito e que están sempre de que quede sobre a mesa, que quede sobre a mesa e dí que hai que ser valentes en política e defender as posicións e sinalalles que digan que non lles gusta que haxa quince persoas traballando limpando os nucleos rurais durante tres meses e que eso é un despilfarro, que digan iso ou que non lles gusta que se axusten ben os estado de gastos as previsións de acordo co que ven o habitual e non teñan despois desfases en aprobacións extraxudiciais no pleno. Indicalles que digan eso, que defendan o seu programa, que non me veñan con trucos e máis con trucos que son de verdade fraudulentos, quede sobre a mesa, que quede sobre a mesa, que quede sobre a mesa e dí que non e que van votar a aprobación definitiva. Continua dicindo que plantearon que quedara sobre a mesa nun momento determinado e aínda que non pensaba o mesmo indica que tiñan razón, que tiñan un argumento que podía ser convincente e indica que intentaron unha negociación aínda que sinala que houbo un momento para negociar pero indica que non fixeron no primeiro momento propostas e dí que chegaron ao pleno e plantexan negociación e que queren facer proposta, e sinalou que de acordo. Prosegue dicindo que as propostas que fan imposibilitan unha negociación porque a iniciativa nos orzamentos correspóndelle ao alcalde e o alcalde non vai a aceptar a retirada da adicación exclusiva do alcalde nin a eliminación do posto de confianza nin outros asuntos máis entón sinala que iso xa o resolveron e prosegue didindo que despois que esten continuamente con eso que cree que non por iso van a someter a votación este punto.



Concello de Vimianzo

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación e o Pleno do Concello, por cinco votos a favor (BNG: Sr. Alcalde, Sr. Mancebo Amigo, Sra. Ramos Rey, Sr. Trillo Lema e PSdeG-PSOE: Sr. Miñones Riveiro), seis abstencións (IxV: Sra. Rodríguez Ordóñez, Sra. Hermida Tomé, PP: Sr. Amado Sambade, Sr. Santos Vázquez e non adscritos: Sr. Rodríguez Blanco e Sra. Vázquez Miñones) e ningún voto en contra, ACORDA:

Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Vimianzo do exercicio de 2014, ao resolver, desestimándoas por improcedentes -xa que son alleas aos motivos de reclamación previstos no art.170.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo-, as reclamacións presentadas tras a súa aprobación inicial.

7. Comunicaci3ns oficiais

Non hai comunicados oficiais.

8. Daci3n de conta de resoluci3n da Alcaldía

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organizaci3n, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesi3n plenaria a relaci3n de resoluci3ns da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a última resoluci3n da que se deu conta na sesi3n plenaria de carácter ordinario celebrada o 29 de marzo de 2014, isto é, dende a resoluci3n núm.329, do 27-03-2014 ata a resoluci3n núm. 575, do 28-05-2014.

Ditas resoluci3ns foron postas a disposici3n dos Sres.Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesi3n plenaria.

9. Moci3ns

O Sr.alcalde preguntan aos portavoces se hai algunha moci3n non habendo ningunha.

10. Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao portavoz do PSdeG-POSE, Sr. Miñones, quen manifesta que ten un rogo e unha pregunta:

En canto ao rogo manifesta que xa que o Sr. Alcalde acaba de facer fincapé nestes pe3ns de limpeza, que cree que son dezaseis -aclara o Sr.alcalde que son 16-, e se o orzamento sae adiante e indica que canto antes poida sair mellor, r3galle que axilice a selecci3n dese persoal porque manifesta que tal e como est3n as vías por ahí fai falta xente para limpalas.

Polo que respecta á pregunta indica que no pleno de setembro de 2013 levaron o asunto de iniciaci3n do expediente de investigaci3n de oficio sobre o carácter público dun camiño no lugar do Ribeiro en Pasarela e gustaríalle saber como esta dito expediente.

O Sr. Alcalde resp3ndelle que est3n traballando nas bases e que mentras non se probe o orzamento non poden facer esta convocatoria e indica que nos próximos días cando se

aprobe definitivamente (e explica que van tratar de facer o anuncio por vía de urxencia no BOP) daráselle trámite para que saque para adiante.


Segue dicindo que en canto ao expediente ao que fai referencia se encontra en estado de información recabando información dos diferentes interesados e organismos públicos e sinala que terán que mirar a ver como están os prazos e tratar de concluír e traer a proposta que corresponda para a decisión deste pleno. Tamén anuncia que no próximo pleno a súa intención é traer para decidir abrir un expediente de investigación ao respecto do famoso camiño de Reboredo.

A continuación o Sr. Alcalde, dalle a palabra á portavoz de IxV, Sra. Rodríguez que sinala que ten varias preguntas e varios rogos.

A Sra. Rodríguez manifesta que puntualmente, na parroquia de Calo, exactamente, rogaría se é posible, que se tivera unha atención especial indo hacia Pasarela na curva pasando a estrada de Gandara de Lamas, na curva que vai hacia Pasarela antes do taller que hai unha situación de risco para os coches que dí que é preocupante e manifesta que tivo bastante xente que lle estivo reclamando este punto. Indica que é unha estrada municipal e se se podería facer algo dado que explica que nesa curva de feito cando chove fórmase unha poza que está verdadeiramente perigosa, no marxe esquerdo indo hacia Pasarela e manifesta se se podería facer un pequeno mantemento para evitar posibles accidentes.

Segue dicindo que ten varias preguntas en primeiro lugar sinala que respecto ao Pleno que presentaron e no que solicitaron quince puntos, gustaríalle saber -xa que dí que lles dí que continuamente abusan dos dereitos e que eles entenden que os privan dos seus dereitos todos os días- primeiro porque non o fixo e segundo cando os vai convocar ao Pleno os puntos que faltan, dille que lle gusten máis ou menos. Segue dicindo que vai facer fincapé en varios en concreto, porque sinala que teñen varias comisións de investigación aproveitando a pregunta que acaba de facer o compañeiro Miñones sobre o de Reboredo, sobre o de Baiñas, e indica que sobre todos os que o Sr. Alcalde xa ten copia e sinala que saben perfectamente as comisións de investigación que pediron que a día de hoxe non teñen resposta nin Pleno convocado cando cree que xa estarían máis que fora de prazo e dille que demostre unha vez a ver como lles mina os seus dereitos todos os días e por iso gustaríalles unha explicación a todos eses puntos que están sen convocar e incluso despois da advertencia moi clara do informe da Deputación do que, lle dí, que tanto quixo presumir del nalgún punto pero noutro non sabe se perdeu algunha folla ou non sabe o que pasou e sinala que é curioso. Segue dicindo que por iso todos os puntos, por non nomear, dí, son as comisións de investigación, o nomeamento de abogados e procuradores para o exercicio das accións administrativas e xudiciais de competencia plenaria, comisións de investigación e segue dicindo que non sabe se algún punto máis pero do que está solicitado sinala que dende logo senon lle fallan os seus cálculos doce puntos están sen convocar e por iso dille que lle gusten máis ou lle gusten menos ou incluso haxa algún erro, dille que o traiga que o acorden e que cada un faga o que deba facer e que ela non sabe.

A continuación sigue dicindo que ten unha preocupación polo tema que da obra de Treos xa que manifesta que nin sequera os informa, nin sequera convocou a comisión de investigación, nin unha mínima explicación e sinala que polas súas contas cree que estase máis que fora de prazo. Segue dicindo que é un proxecto que desde a oposición, dende logo de IxV fixeron a súa crítica no seu día á obra e sinala que os resultados están



Concello de Vimianzo

ahí, que non sabe cantos meses van dende a adxudicación e que a día de hoxe non están informados e a obra case sen empezar e sinala que non sabe como estarán os prazos e pide que alomenos esa comisión a convocase e estar mínimamente informados así como saber o que sucede porque dí que para eles esa obra é unha preocupación.

O Sr. Alcalde respondelle que ao respecto do rogo tamén lles preocupa o que está dicindo ata tal punto que cree que é bastante notorio que a estrada que nos une con Pasarela é moi estreita e explica que este goberno intentou nalgún momento chegar a acordos con veciños onde por desgraza algúns, e sinala que a concelleira presente, imposibilitaron ese ensanchamento e dí que espero que reflexione ao respecto do rogo que acaba de facer.

Interrumpe a Sra. Rodríguez para dicirlle ao Sr. Alcalde que este rogo é antes do seu proxecto, un tramo antes como cincocentos metros e di que non ten nada que ver.

O Sr. alcalde dille que xa sabe que é antes e segue dicíndolle que o problema en Pasarela non é nese tramo só senon en toda a estrada que queda moi estreita porque, explica que cando pasan dous coches hai certas dificultades e en realidade o que se lles pedía era que aportasen os veciños propietarios das fincas pois eran moi escasos, cree lembrar que sería un metro, se chegaba a tanto, e dille que así como esta predicando que predique co exemplo en vez de opoñerse como fixo naquel momento.

A Sra. Rodríguez di se ela se opuxo

O Sr. Alcalde sinala que non foi adiante grazas a Sra. Rodríguez

A Sra. Rodríguez dille que se pretende lavarlle a cara non... e o de lavarlle a cara xa se sabe porque.

O Sr. Alcalde dille que xa falou e poido falar o que quixo e que non lle gustaron cousas que dixo e non lle interrompiu e pídelle que non o interrompa e sinala que aos feitos se remite, e aclara que non se repite, se remite. E sigue dicindo que sí que lles preocupa e que lle agradece que lles faga esa suxerencia e dille que tamén lle gustaría que tivera en conta o que lle esta dicindo.

Segue dicindo que ao respecto do Pleno extraordinario, indica que xa foi o Pleno extraordinario e que na Resolución xa se lles explicou porque non se convocaban determinados puntos, e sinala que por exemplo a recuperación da competencia do Pleno para nomear abogados e procuradores, explica que xa esta feito, que xa se adoptou a iniciativa deles tamén noutro Pleno extraordinario xa vai ano e pico, a principios do ano pasado. Segue dicindo que a respecto das Comisións indica que teñen a argumentación na Resolución pola que se convocaba ese Pleno e dilles que se queren plantear algún asunto dilles que o planteen e que o responderan sen ningún problema. Segue dicindo que por exemplo a Comisión da Piroga vaise celebrar o luns e outros asuntos que aquí non plantean lle dan resposta.

Contiua dicindo que a obra de ensanchamento da vía entre Treos e Tines sinala que participaron todos na mesa de contratación, e di que á Sra. Rodríguez tamén. Segue dicindo que tiveron a mala sorte que lles tocou unha empresa que ao final se declarou en concurso e houbo que resolver ese asunto, explica que intentaron iniciar unha resolución do contrato pero ao final houbo unha proposta de cesión do contrato que sinala que a eles lles parece a mellor solución e explica que están nese asunto de adxudicar esa cesión a proposta que nos fai esta empresa e explica que adoptaron o acordo xa na Xunta de Goberno da semana pasada e os problemas derivados da falta dun habilitado en secretaria fai que os traballos do concello se paralicen algúns ou vaian máis lentos porque hai que establecer prioridades e dille que teña por seguro que os máis

interesados son eles en que esto se faga canto antes e claro que sí que xa vai tardando moito no tempo e explica que iso é o único que hai, que non hai ningún outro asunto máis.

Ao respecto do asesor xurídico indica que é un profesional e non ten máis que dicir e dille que o teñen moi fácil que fronte aos seus informes que lles presenten outros, doutros profesionais e indica que un profesional ten que actuar dacordo cunha ética pero tamén cun criterio profesional e a persoa que teñen como asesor xurídico tamén ten unha imaxe, unha dignidade e dende logo non é un firmón e dilles que se teñen outro tipo de planteamento xurídico están no seu dereito, mellor na súa obriga de discutilo porque cando hai conflitos xudiciais precisamente o que se discute son as matizacións do dereito e pídelles que en vez de facer descalificacións pídelles que aporte.

A Sra. Rodríguez interrompe e dille que a resposta non se adecua.

O Sr. Alcalde dille que non é un diálogo.

A continuación dalle a palabra ao portavoz do partido popular, o Sr. Amado que sinala que ten un rogo e unha pregunta. Sinala que agora que ven o bo tempo xunto a fonte de Serramo xa que aclara que agora se pode facer porque está máis seco, se se podía detrás do muro facer un rexistro para recoller as augas para que non viñeran para arriba da fonte porque houbo xente que quixo ir e resbala. Tamén indica que quería preguntar unha cousa da que non está moi ao tanto polo que quería que lle explicara sobre un artigo que saíu na Voz de Galicia sobre a estrada que ten Carantoña, que é un quilómetro e algo, que leva a Deputación e ese cambio, o cambio para facer ou que quere propoñer e que quería que o explicara como se vai facer, que lle explicara un pouco iso.

O Sr. Alcalde sinala que con respecto do rogo di que evidentemente se ten algún defecto trataran de subsanalo pero que conste que é unha obra que se fixo no seu momento e dille que sabe quen a fixo e que cree que a fixo ben e que faltaría máis que para iso está o Concello para resolver os problemas cando xurden e cando se plantexan.

Segue dicindo que ao respecto do que dí do xornal de La Voz de Galicia sinala que é un xornal que se debe defender él pero que non sabe se refire a unhas declaracións súas e se é así cree que é a forma de proceder e non a outra, non primeiro criticar e acusalo de non sei que e agora preguntarlle e dí que o normal e sempre preguntar primeiro e senon está de acordo coa explicación ten todo o seu dereito a críticoalo. Segue explicando que lle preguntaron sobre a estrada Olveira-Baio, que pasa por Baiñas, que llo preguntou un xornalista porque o alcalde de Dumbría era partidario de transferila á Deputación e sinala que benvido o alcalde de Dumbría a posición que adoptaron outra xente antes e indica que se aleda que o alcalde de Dumbría este de acordo con isto porque é importante que haxa un consenso entre os concellos entre os axentes sociais, que os axentes sociais estano demandando. Segue explicando que este Pleno adoptou ese acordo varias veces, cree que dúas veces e moi ben porque é unha estrada que ten moitísimo máis tránsito e que se entende que lle correspondería a un organismo que ten máis capacidade financeira e económica que o concello de Vimianzo para o seu mantemento e o seu arranxo que outras estradas que son propiedade da Deputación e que pola súa dimensión ven poderían levar o mantemento o Concello de Vimianzo e incluso se o que nos piden é unha permuta estaríamos completamente de acordo e sinala que puxo como exemplo as dúas estradas que entran non núcleo de Carantoña que non se poden comparar a nivel de densidade de tráfico con esta outra e di que non pretendía en absoluto dicir que Carantoña que non merece ou desmerece, todo o contrario estaríamos



Concello de Vimianzo

nos asumindo o mantemento dunha estrada que, explica, os veciños veñen a reclamar que limpen os bordos, que se arranxen os baches que hai por alí e a quen en realidade lle corresponde é a Deputación. E continua dicindo que por outro lado incluso e unha vantaxa que se aforraria ter que solicitar autorizacións á Deputación sempre que haxa que facer un muro, ou unha obra urbanística nunha estrada que non é unha estrada principal que é unha estrada de acceso a un núcleo e sinala que é o que dixo que non dixo para nada como se pretendió polemizar que pretendía pechar a estrada de Carantoña senón que cree que ten máis sentido que o Concello de Vimianzo sexa o titular e polo tanto manteña esas dúas estradas de acceso a Carantoña a cambio e sinala que incluso falou da de Caxadas-Baiñas que tamén ten moito tránsito pero que cree que se é cuestión de priorizar sinala que o prioritario é que esa vía que unha vía moi importante que se acometa unha gran actuación e se asuma por parte da Deputación e indica que esa é a explicación.

A continuación dalle a palabra ao Sr. Rodríguez, que indica que ten unha pregunta e un rogo.

O Sr. Rodríguez indica que a pregunta sería que cargo desempeña o Sr. Alcalde dentro do partido socialista en Vimianzo e o rogo sería, se pode porque indica que pode facer unha pregunta e un rogo, e sigue dicindo que o rogo sería que xa que o Sr. Alcalde e a Sra. Secretaria emitiron non hai moitos días un documento, un informe o cal o Sr. Miñones entregou nunha sucursal bancaria e grazas ao seu informe pois retirou os cartos que había na conta do banco.

Interrompe o Sr. Miñones e dirixese a el o Sr. Rodríguez dicíndolle que está falando co sr. Alcalde, que se é el o alcalde ou é o alcalde e dille que se aclaren.

O Sr. Alcalde pídelles que se tranquilice.

Segue o Sr. Rodríguez e preguntalle ao Sr. Alcalde se é tesorero, presidente do partido, que cargo ten para emitir el e a secretaria, non esta secretaria senon a secretaria, Sra. Cristina, e con ese informe ir ao banco e retirar os cartos todos que había naquel momento no banco e segue dicindo que incluso chegaron a máis a metelos fora da conta do banco e preguntalle ao Sr. Alcalde que lle pode responder cal é o cargo que desempeña.

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Rodríguez que desempeñaba cargos no PSOE e agora non e dille que nunca desempeñou cargos no PSOE nin pretende desempeñalos cargos no PSOE porque é un partido que respeta como os demais porque vivimos en democracia e pluralismo pero indícalle que a súa opción sabe que é o nacionalismo e indícalle que pode dicir o que lle dea a gana. Segue dicindo que se referirá a un documento que ten a validez suficiente como para que unha entidade bancaria faga todo o que acaba de dicir e segue dicindo que non leva conta de todos os documentos que asina.

O Sr. Rodríguez solicita que conste en acta o que acaba de dicir o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde segue dicindo que volve a dicir que supón que é un documento que ten a validez legal suficiente como para que unha entidade bancaria, e indica que descoñece o que o Sr. Rodríguez acaba de dicir.

O Sr. Rodríguez dí que o Sr. Alcalde non o descoñece porque o escrito dí a onde vai destinado.

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Rodríguez que por favor o deixe falar que el xa falou.

O Sr. Rodríguez desculpase.

O Sr. Alcalde prosigue dicindo que descoñece que non lle ven a memoria, e sinala que asina moitos escritos, moitas certificacións e manifesta que se o asina a secretaria e máis él sinala que seguro que é unha certificación e dí que pode aventurar que é unha certificación de quen forma parte do grupo político municipaldo partido socialista que indica que é o Sr. Miñones e ninguén máis, segue dicindo que pode aventurar que se refire a iso, supón.

O Sr. Rodríguez, dí que supón.

O Sr. Alcalde di que supón porque non coñece todo e segue dicindo que en calquera caso se no banco fixeron todos eses trámites aos que o Sr. Rodríguez se refire indica que ten a validez suficiente.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once e cincuenta e sete minutos, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o trinta e un de maio de dous mil catorce.

O alcalde

A secretaria acc.
(R.A. 387, 14-04-2014)

